



Xustificación de Parcelas a disposición do solicitante.

O artigo 11 do Real decreto 1048/2022, do 27 de decembro, recolle a obriga do solicitante de ter as parcelas á súa disposición a data fin de prazo de modificación da solicitude única no caso de intervencións de pagamentos directos.

Entenderase por parcelas á disposición aquelas que o solicitante teña sobre elas o poder de adopción de decisións en relación coas actividades agrarias desempeñadas nesa superficie, obtendo os beneficios e asumindo os riscos financeiros derivados das actividades que se levan a cabo nelas.

Para comprobar que as parcelas están á disposición do agricultor a administración poderá requirir a documentación que acredite a disposición das ditas parcelas ben en réxime de propiedade, usufruto, arrendamento, parzaría ou asignación por parte dunha entidade xestora dun ben comunal.

A documentación acreditativa para o control da disposición da parcelas por parte do agricultor, poderán considerarse:

- ✓ Os títulos de propiedade delas, contrato público ou privado de compravenda de terras,
- ✓ Os contratos de arrendamentos, realizado entre o día seguinte á data final para a modificación da solicitude única da campaña anterior e fin de prazo de modificación da solicitude única desta campaña,
- ✓ Documentación relativa á asignación de parcelas por parte da entidade xestora da superficie comunal. A concesión da superficie realizarase entre o día seguinte á data final para a modificación da solicitude única da campaña anterior e fin de prazo de modificación da solicitude única desta campaña.
- ✓ Así mesmo, será tamén admitido para tales efectos, a presentación dunha declaración responsable asinada por parte do titular-cedente das parcelas, na que se indique o permiso de utilización de determinadas parcelas a favor do agricultor solicitante das axudas. inclúese, na seguinte páxina, modelo de declaración responsable de cesión das parcelas a favor do solicitante de axudas.

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARCELAS Á DISPOSICIÓN POR PARTE DO CEDENTE DAS PARCELAS A FAVOR DO SOLICITANTE DE AXUDAS.

Para efectos da verificación da disposición das parcelas por parte do agricultor solicitante de axudas, considerarase válida a presentación da declaración responsable de cesión das parcelas asinado polo titular das parcelas a favor do solicitante de axudas.

En termos xerais, a dita declaración recollerá a seguinte información:

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PARCELAS A DISPOSICIÓN: CESIÓN DAS PARCELAS A FAVOR DO SOLICITANTE DE AXUDAS				
Don/Dona(apelidos e nome ou Razón Social..... con CIF/NIF.....con domicilio propietario/a da/s seguintes parcela/s agrícola/s:-----				
MUNICIPIO/PROVINCIA	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO	SUPERFICIE (ha)
DECLARA				
O seu consentimento ao uso das citadas parcelas a Don/Dona (apelidos e nome ou razón social) con CIF/NIF.....dende..... ata.....				
En _____, a _____ de _____ de 20__				
O propietario da/s parcela/s,				
Asdo.:				